

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 28 DE SETEMBRO DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 13:10 horas do día 28 de setembro de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 26 de setembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. David Regades Fernández

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D. Alberto Escariz Couso (asiste ao punto 1a)
D^a. Olga Gómez Corbal
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 2, 3, 4, 7, 8b e c, 9b e c, e 10b e c)
D. Óscar Couce Senra (asiste aos puntos 2, 3, 4, 7, 8b e c, 9b e c, e 10b e c)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 25 de setembro de 2017

Apróbase a acta da sesión do 25 de setembro de 2017 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D. Alberto Escariz Couso e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto das obras para o proxecto de desenvolvemento urbano sostible Vigo Vertical: conexión rúa San Salvador praza Isabel A Católica, Vigo (4.694-440)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A "Documentación persoal". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
1. ORECO, S.A.
 2. ORESA, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 10:20	Páxina 1 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA345-CB3944-C7BDDA-VCVGYX-EE5KND-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.
4. CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.
5. CIVIS GLOBAL, S.L.*
6. C.D. INDEPO S. L.*
7. HIDROMIÑO, S.L.*
8. AVAN INTEGRAL, S.L.*
9. UTE EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L. - EXCAVACIONES DARÍO, S.L. (porcentaxe de participación na UTE 80%-20%)
10. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.
11. COPCISA, S.A.
12. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.
13. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.

* CIVIS GLOBAL, S.L., C.D. INDEPO S.L., HIDROMIÑO, S.L. e AVAN INTEGRAL, S.L. pertencen ao mesmo grupo de empresas.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de mesturas bituminosas e emulsións asfálticas para o taller de vías e obras (79.713-250) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 25 de setembro de 2017, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días hábiles a NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U. para que emendase a documentación persoal. Dentro do prazo concedido, o citado licitador presentou nova documentación. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade, admitir neste procedemento a NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U. por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto das obras para o proxecto de desenvolvemento urbano sostible Vigo Vertical: conexión rúa San Salvador praza Isabel A Católica, Vigo (4.694-440)

En acto público ábrese o sobre B *“Proposición avaliable mediante xuízo de valor”* dos licitadores presentados e admitidos.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de mesturas bituminosas e emulsións asfálticas para o taller de vías e obras



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 10:20	Páxina 2 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA345-CB3944-C7BDDA-VCVGY-EE5KND-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO**(79.713-250)**

En acto público abriuse o Sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

Licitadores	% baixa aos prezos unitarios	% baixa nos produtos/materiais non previstos
NAROM, S.L.	22,33%	22,33%
NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	18,93%	80,11%
CONSTRUCCIONS, OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA)	21,55%	21,55%
ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S.L.	2%	2%
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	12%	12%

Asiste á apertura D. Emilio Iglesias Fernández, con DNI 44.448.943-U, en representación de NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

7.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de substitución de firmes de vías en contornos patrimoniais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo (4.653-440) (LOTES 2 e 3)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que, en cumprimento do acordado na sesión do 7 de setembro de 2017, se iniciou o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP cos seguintes licitadores:

Lote nº 2:

1. NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.
2. FEVISA VÍAS Y OBRAS, S.L.

Lote nº 3:

1. NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.
2. HORDESCON, S.L.

Durante o prazo concedido, presentaron documentación os seguintes licitadores:

Lote nº 2:

1. NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.

Lote nº 3:



1. NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.
2. HORDESCON, S.L.

Non presentou documentación en prazo FEVISA VÍAS Y OBRAS, S.L. (lote nº 2).

Da documentación anterior deuse traslado ao responsable do contrato.

O 25 de setembro de 2017 o xefe de Vías e Obras e Infraestruturas e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos emitiron informe sobre as xustificacións presentadas, no que conclúen:

- Respecto da documentación presentada por HORDESCON, S.L. (lote nº 3) *“NON se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 152 do TRLCSP para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada do lote 3 e que poida con ela cumprir o contrato para o citado lote”.*
- Respecto da documentación presentada por NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U: *“se cumpren os requisitos establecidos no artigo 152 do TRLCSP para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada dos lotes 2 e 3, e que poida con elas cumprir o contrato para os citados lotes”.*

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión deste procedemento dos licitadores que deseguido se relacionan, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados e non telos xustificado:

1. FEVISA VÍAS Y OBRAS, S.L. (lote nº 2)
2. HORDESCON, S.L. (lote nº 3)

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a instalación de elementos vexetais e non vexetais para a decoración do Nadal (4.526-106) (informe sobre C e proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Servizos Xerais o 25 de setembro de 2017 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de renovación das instalacións de produción de auga quente sanitaria (AQS) do pavillón da Etea, a conexión aos paneis solares existentes e o seu mantemento durante o prazo de garantía (1.229-611) (informe sobre C e proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo director técnico do Servizo de Deportes o 22 de setembro de 2017 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 10:20	Páxina 4 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA345-CB3944-C7BDDA-VCVGY-EE5KND-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



c) Procedemento aberto para a contratación das obras de substitución de firmes de vías en contornos patrimoniais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo (4.653-440) (LOTES 2 e 3) (informe sobre C e proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Investimentos, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 26 de setembro de 2017 de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” coa proposta de clasificación.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a instalación de elementos vexetais e non vexetais para a decoración do Nadal (4.526-106)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe da Área de Servizos Xerais o 25 de setembro de 2017 de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” coa proposta de clasificación.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de renovación das instalacións de produción de auga quente sanitaria (AQS) do pavillón da Etea, a conexión aos paneis solares existentes e o seu mantemento durante o prazo de garantía (1.229-611)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo director técnico do Servizo de Deportes o 22 de setembro de 2017 de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” coa proposta de clasificación.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de substitución de firmes de vías en contornos patrimoniais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo (4.653-440) (LOTES 2 e 3)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe da Área de Investimentos, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 26 de setembro de 2017 de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” coa proposta de clasificación.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a instalación de elementos vexetais e non vexetais para a decoración do Nadal (4.526-106)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 10:20	Páxina 5 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA345-CB3944-C7BDDA-VCVGYX-EE5KND-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“Primeiro.- Dar conta da exclusión acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 21 de setembro de 2017 de LA FIESTA ESCÉNICA por incorporar ao sobre B “documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 8.B da FEC” (cláusula 13.5B do prego de cláusulas administrativas particulares).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos para a instalación de elementos vexetais e non vexetais para a decoración do Nadal (4.526-106) na seguinte orde descendente:

Licitador	Puntuación
ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L.	98 puntos

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación esixida pola normativa aplicable para as instalacións luminotécnicas e sónicas (apartado 6D do Anexo I -FEC- do PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 1.007,38 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de renovación das instalacións de produción de auga quente sanitaria (AQS) do pavillón da Etea, a conexión aos paneis solares existentes e o seu mantemento durante o prazo de garantía (1.229-611)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración da única proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto para a contratación do subministro de renovación das instalacións de produción de auga quente sanitaria (AQS) do pavillón da Etea, a conexión aos paneis solares existentes e o seu mantemento durante o prazo de garantía (1.229-611) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 10:20	Páxina 6 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA345-CB3944-C7BDDA-VCVGXY-EE5KND-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

	LICITADOR	TOTAL
1	COSTAS Y OTERO, S.L.	100

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, COSTAS Y OTERO, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP), por ter presentado xa parte desta no Sobre A “*Documentación persoal*” (artigo 53.1d) da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar (de data actual).
2. Certificación de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias coa Xunta de Galicia.
3. A documentación esixida na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 993,35 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de substitución de firmes de vías en contornos patrimoniais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo (4.653-440) (LOTES 2 e 3)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado polo xefe de Vías e Obras e Infraestruturas e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos o 25 de setembro de 2017:

1. FEVISA VÍAS Y OBRAS, S.L. (lote nº 2)
2. HORDESCON, S.L. (lote nº 3)

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes nº 2 “Vigo Norte” e 3 “Vigo Sur” deste procedemento aberto para a contratación das obras de substitución de firmes de vías en contornos patrimoniais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo (4.653-440) na seguinte orde descendente:

Lote nº 2 “Substitución de firmes de vías en contornos patrimoniais. Vigo Norte”:

Licitadores	%	Prezo ofertado
-------------	---	----------------



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 10:20	Páxina 7 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA345-CB3944-C7BDDA-VCVGVXY-EE5KND-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

		Baixa	
1	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	43,26	176.750,18 €
2	ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S.L.	42,13	180.270,23 €
3	HORDESCON, S.L.	42,03	180.581,74 €
4	ELECNOR INFRAESTRUCTURAS	40,11	86.562,71 €
5	ELSAMEX, S.A.	38,85	190.487,72 €
6	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	36,28	98.493,51 €
7	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	34,33	204.567,93 €
8	CONSTRUCIONS, OBRAS E VIAIS, S.A.	33,10	208.399,50 €
9	MISTURAS, S.A.	31,72	212.697,43 €
10	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	31,01	214.910,04 €
11	OBRAS, CAMINOS Y ASFALTOS, S.A.	30,03	217.962,82 €
12	OBRAS PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L.	29,13	220.766,40 €
13	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	28,70	222.105,79 €
14	NAROM, S.L.	28,40	23.040,41 €
15	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	27,24	226.653,92 €

Lote nº 3 “Substitución de firmes de vías en contornos patrimoniais. Vigo Sur”:

	Licitadores	% Baixa	Oferta económica
1	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	42,97	163.328,03 €
2	ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S.L.	42,07	165.905,53 €
3	FEVISA VIAS Y OBRAS, S.L.	42,03	166.020,08 €
4	ELECNOR INFRAESTRUCTURAS	40,09	171.576,04 €
5	ELSAMEX, S.A.	37,80	178.134,37 €
6	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	34,21	188.415,76 €
7	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	34,01	188.988,53 €
8	CONSTRUCIONS, OBRAS E VIAIS, S.A.	33,75	189.733,15 €
9	OBRAS, CAMINOS Y ASFALTOS, S.A.	32,23	194.086,27 €
10	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	32,00	194.744,97 €
11	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	31,91	195.002,63 €
12	OBRAS PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L.	31,13	197.236,56 €
13	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	30,80	198.181,64 €
14	NAROM, S.L.	29,43	202.105,17 €
15	EXTRACO, S.A.	28,72	204.137,89 €

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos lotes nº 2 e 3, NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 10:20	Páxina 8 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA345-CB3944-C7BDDA-VCVGY-EE5KND-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.
5. Resgardo da garantía complementaria do 5% do importe de adxudicación sen IVE, esixible de acordo co disposto no apartado 10B do Anexo I -FEC- do PCAP (“no suposto de que a oferta adxudicada se corresponda cunha oferta cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fora xustificada adecuadamente e admitida para a súa valoración”).

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 859,84 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais (10.850-255)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais (10.850-255)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 14 de setembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais (10.850-255) na seguinte orde descendente:

	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1	UTE INGESER ATLÁNTICA, S.L. - SOGESEL DESARROLLO Y GESTIÓN, S.L.	96,00
2	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	90,09
3	CALFENSA PROYECTOS, S.L	83,72
4	SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L.	83,16



LICITADOR		PUNTUACIÓN TOTAL
	(SAMYL S.L.)	
5	BRÓCOLI, S.L.	25,78

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE INGESER ATLÁNTICA, S.L. - SOGESEL DESARROLLO Y GESTIÓN, S.L. , para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.799,85 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE INGESER ATLÁNTICA, S.L. - SOGESEL DESARROLLO Y GESTIÓN, S.L., o día 14 de setembro de 2017, que presenta a documentación requirida o 27 de setembro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 28 de setembro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UTE INGESER ATLÁNTICA, S.L. - SOGESEL DESARROLLO Y GESTIÓN, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 10:20	Páxina 10 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA345-CB3944-C7BDDA-VCVGXY-EE5KND-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UTE INGESER ATLÁNTICA, S.L. - SOGESEL DESARROLLO Y GESTIÓN, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 23 de agosto e 6 de setembro de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a UTE INGESER ATLÁNTICA, S.L. - SOGESEL DESARROLLO Y GESTIÓN, S.L., o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais (10.850-255) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 856.467,60 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 148.643,14 euros.*
- b) *Propón dispoñer dun técnico/a titulado/a (enxeñeiro/a técnico ou superior agrícola ou forestal, graduado/a universitario/a en enxeñería agrícola ou forestal ou equivalente), tres días alternos á semana, durante un período mínimo de tres horas diarias en quenda de mañá, que permaneza nese horario “in situ” nos cemiterios municipais.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 14:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 10:20	Páxina 11 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA345-CB3944-C7BDDA-VCVGY-EE5KND-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		